

Na séptima edición do maratón Dez horas lendo participarán preto de 200 persoas

Carballo celebrará o Día das Letras con música, libros e recitais poéticos

O programa inclúe máis dunha ducia de actividades dende o próximo venres ata o 31 deste mes

E. Silveira

CARBALLO

■ O Programa das Letras de Carballo xira este ano arredor dos libros, os recitais poéticos e tamén da música. O groso das actividades comenará o día 16, cun festival no colexio Bergantiños e a inauguración da exposición fotográfica sobre Carballo no Museo de Bergantiños con obras de Gervasio Varela e José Vidal. Ese día tamén haberá un currunchito literario organizado pola Asociación Cultural Lumieira ó que está convidado Cesáreo Sánchez Iglesias.

O día 17 comezará pola mañá o maratón de lectura que tódolos anos se celebra no xardín municipal de Carballo. Alomenos participarán nesta actividade 200 persoas, que se turnarán na lectura durante dez horas. Nos descansos, actuará a Banda Municipal de Gaitas. Os máis pequenos tamén disfrutarán co concurso infantil de pintura que organiza a Asociación Cultural Lumieira. O grupo Rolda da Agrupación Cultural Xotaina e o debuxante Pinto, colaborador de La Voz, estarán toda a mañá cos rapaces.

As actuacións continuarán



JOSE MANUEL CASAL

Yolanda Castaño e Estevo Creus, cos alumnos de Zas

■ Os poetas Yolanda Castaño (A Coruña) e Estevo Creus (Cee) estiveron onte en Zas nun encontro literario cos alumnos de bacharelato da bisbarra. O auditorio municipal encheuse de oídos e ollos dispostos a desgranar os versos do recital que ámbolos dous autores brindaron ós

mozos. Na mesa, xunto cos convidados, estivo o alcalde de Zas, Ernesto Rieiro, e un representante da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta. Os alumnos visitaron despois a exposición *Palabras no aire, poemas sobre abano de poetas galegos contemporáneos*.

pola tarde co festival de música e baile tradicional organizado por Arume e coa actuación da Banda Municipal de Carballo no Pazo da Cultura.

O día 20 pola mañá haberá unha conferencia centrada na figura e na obra de Antón Avilés de Taramancos, e a cargo de Lola Arxóns. Paco Souto e Serxio Moreira darán a con-

tinuación, tamén no Pazo da Cultura, o recital poético musical titulado *Avilés canto*. Pola tarde, na biblioteca municipal, estará o autor Ramón Blanco disposto a un encontro cos seus lectores.

Xa o día 23, a compañía Trinke Trinke animará ós rapaces a coller libros co contacontos titulado *O doutor Cami*. Para

finalizar as actividades, o día 31 haberá outro encontro literario ca ilustradora de libros infantís Julia Barros Barros. Estará na biblioteca e na ludoteca municipal, a partir das 18.30 horas.

Ademais, os veciños de Carballo poderán visitar unha exposición sobre Avilés de Taramancos que estará ata o día 31 na biblioteca municipal.